

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

NA CORUÑA, DO 26 AO 28 DE FEBREIRO

Agal dedica un congreso a Marinhos del Valle

Participan, entre outros expertos, Henrique Rabunhal ou Pilar García Negro. O venres colocárase unha placa na Praza de Pontevedra.

Redacción - 14:15 26/02/2009

- [A débeda pendente con Jenaro Marinhos](#)

[O congreso](#), que se celebra no Centro Social Caixanova (Avenida da Mariña), busca afondar na obra e na figura de Jenaro Marinhos del Valle, seguramente o pilar máis importante do teatro galego do século XX, e que foi apartado do centro do sistema cultural pola súa activa militancia política e lingüística. Ademais dos relatorios e conferencias, entre o xoves e o sábado realizaranse outras actividades públicas; por exemplo, un roteiro pola cidade recuperando todos os lugares e ámbitos pertencentes á tradición galeguista e inauguración dunha placas na súa casa.

O congreso comezará o xoves ás catro e media da tarde, nunha sesión na que intervirán, sucesivamente, Pablo González Mariñas, María do Carmo Henriquez Salido, Joel Rodríguez Gomes, Aurora Marco e Ernesto Vazquez Souza.

O venres será a quenda de Manuela Ribeiro Casado, Isaac Alonso Estraviz, António Gil Hernandez, Henrique Rabunhal, Felipe Senén, María J. Lourenço Modia e Pedro Fernandez Velho. Xapola tarde, os participantes serán recibidos por unha representación da corporación municipal coruñesa, e a partir das cinco e media realizarase o roteiro guiado pola cidade.

Finalmente, o sábado o congreso pecharase coas intervencións de José María Monterroso Devesa, Pilar García Negro, Fernando Vázquez Corredoira, Martinho Montero Santalha e João Guisan Seixas.

- [Consulta aquí o programa do congreso](#)
- [Mira aquí o percorrido do 'roteiro galeguista' pola Coruña \(.pdf\)](#)